

Menos persoal, mais CNP expedindo documentación e posible individualización de postos de traballo

Hoxe Reuniuse a Mesa Delegada para tratar os temas que afectan ó Ministerio, á DGP e á Garda Civil. Achegamos os temas tratados:

Concursos de traslados:

Concurso Xeral da DGP: houbo 783 solicitudes e o Ministerio conta poder sacar a listaxe provisional no mes de xuño. Se isto se cumpre, podería estar resolto en setembro.

Concurso Xeral da Garda Civil: xa está moi avanzado o borrador e queren convocar 141 postos.

Concurso de Servizos Centrais: convocáranos despois de que se publique o xeral da Garda Civil.

Concurso Específico da Garda Civil: a convocatoria está prevista para despois do verán.

Neste punto, a CIG manifestou a súa queixa porque nos concursos de traslados non se ofertan nin sequera a metade das vacantes existentes nin moitos dos postos ocupados en comisión de servizos. De feito, hai 69 postos que levan máis de 2 anos ocupados en comisión, algo que incumpré a normativa existente. Con respecto a isto, o Ministerio non da ningunha explicación.

Individualización de postos de traballo

A maioría de postos base da DGP teñen a clave MA3, o que implica que son postos de atención ó público. O Ministerio e a DGP recoñecen que teñen necesidade de postos de traballo con funcións administrativas sen atención ó público e por iso están negociando con Función Pública como facer a modificación da Relación de Postos de Traballo para incluír esa tipoloxía.

Tamén queren individualizar os postos de traballo, de xeito que ademais de indicar a localidade a que están asignados os postos (por expl. Vigo ou Redondela), estean vinculados a dependencias policiais concretas se nesa localidade houberse varias edificacións policiais (por expl. Comisaría de Luis Taboada ou de Álvaro Cunqueiro).

Este proceso de individualización, en Galicia, afectará as Comisaría de Vigo e da Coruña. En canto teñan rematado o borrador facilitarano ós sindicatos para que fagamos as nosas aportacións.

Percepción de atrasos por incremento retributivo

Os atrasos derivados do incremento do 0,5% do pasado ano vanse percibir coa nómina de abril. En canto ós atrasos derivados da suba deste ano (tanto no salario como na produtividade) estase atrasando debido a que este ano temos os presupostos prorrogados, o que demora a tramitación burocrática para facer efectiva a suba.

Eliminación da clave de horario de tarde (HT), no cadro de personal da DGP

Tanto o Ministerio como a DGP indican que xa se eliminou esa clave en moitos postos pero que non poden suprimila en máis porque é necesario prestar servizo en horario de tarde.

Dende a CIG manifestamos que a maioría de postos deben ter un horario de mañá porque é onde se expiden as tres cuartas partes da documentación. Tamén pedimos que naquelas unidades onde existiran postos con horario de mañá e con horario de tarde, nos concursos de traslados se convocasen as vacantes con horario de mañá, o que facilitaría á xente con xornada de tarde pasarse á da mañá se o desexa.

Persoal interino

En Galicia hay 10 persoas con contrato de interinidade por acumulación de tarefas que cesarán o vindeiro mes de xuño.

DNI rural. Posibles cambios

As novas furgonetas para DNI rural levan dous equipos de expedición que permiten que se entregue a documentación no momento. A DGP aínda non determinou como se vai ser o seu funcionamento. O único que sabemos é que nos asentos de diante hai 3 prazas e que van ir dous policía. Descoñécese se irán corpos xerais aínda que da a sensación de que non son moi favorables a que vaian.

A CIG defendeu que a tarefa de expedición de documentación é propia do persoal de corpos xerais e debe seguir sendo así.

Produtividade

O Ministerio indica que están tentando conseguir un incremento do presuposto de produtividade.